

V CONCURSO DE TRABALLOS ACADÉMICOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO ÁNGELES ALVARIÑO

A Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña convoca o V Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño co obxecto de incentivar a realización de traballos que inclúan a perspectiva de xénero por parte do alumnado de graos e mestrados, e contribuír, deste xeito, a promover a introdución da perspectiva de xénero na investigación e a docencia. Neste concurso contémpanse dúas modalidades distintas: traballo de fin de grao e traballo de fin de mestrado.

ORZAMENTO

Para a concesión destes premios destinarase un total de 1000 euros con cargo á partida orzamentaria 0900090701-422D-48008

BASES

1. Participantes

Poderán presentarse os traballos de fin de grao e de fin de mestrado defendidos no curso 2016/ 2017, en calquera das titulacións oficiais de grao e mestrado impartidas na UDC.

2. Documentación que se deberá presentar

- A solicitude que se inclúe como Anexo I debidamente cuberta.
- Un CD etiquetado co nome e apelidos da autora ou autor e a indicación TFG ou TFM segundo corresponda. Conterá os seguintes arquivos:
 1. O traballo completo. Os arquivos deberán nomearse: TFG-apellido1-apellido2 ou TFM-apellido1-apellido2, segundo corresponda.
 2. Un resumo dun máximo de 500 palabras no que se explique como se introduce a perspectiva de xénero no traballo presentado. Nome do arquivo: Res-TFG-apellido1-apellido2 ou Res-TFM-apellido1-apellido2
 3. O DNI escaneado.

3. Lugar e prazo de presentación

A documentación entregárase, dirixida á Oficina para a Igualdade de Xénero, en calquera dos rexistros da UDC:

- Rexistro Xeral: Reitoría, A Maestranza 9, 15001 A Coruña.
- Rexistro Auxiliar de Elviña: Casa do Lagar, campus de Elviña, 15192 A Coruña.
- Rexistro Auxiliar de Ferrol: Edificio de Apoio ao Estudo, campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

O prazo de presentación dos traballos permanecerá aberto desde o día da publicación desta convocatoria ata as 14.00 h do luns 9 de outubro de 2017.

4. Premios

O xurado seleccionará os dous mellores traballos de cada modalidade, tendo en conta entre outros aspectos, a relevancia e orixinalidade da súa temática e das súas achegas, a calidade do traballo e a dificultade da súa realización. As contías dos premios serán as seguintes:

- Traballo de fin de grao: 250 €
- Traballo de fin de mestrado: 250 €

Os premios están suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas.

Se o xurado o estimase conveniente poderá deixar algúns ou todos os premios desertos. No primeiro caso a dotación correspondente a estes integrárase nas restantes categorías.

5. Xurado

O xurado estará presidido pola vicerreitora de Ferrol e Responsabilidade Social ou a persoa en quen delegue, e del formarán parte 3 membros do PDI xunto coa directora da Oficina para a Igualdade de Xénero que actuará como secretaria.

Os nomes das persoas que se contituen como vogais daranse a coñecer unha vez rematado o prazo de recepción de traballos, en virtude da Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do xurado non poderán ter dirixido ou titorizado ningún dos traballos que se presenten ao concurso. O xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puideren suscitarse. A súa decisión será firme e inapelable.

A resolución do xurado darase a coñecer no mes de novembro.

A participación no V Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño comporta a aceptación expresa de estas bases.

Ferrol, 7 de setembro de 2017



Oficina para a Igualdade de Xénero
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Anexo I

CONVOCATORIA DO V CONCURSO DE TRABALLOS ACADÉMICOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO
"ANGELES ALVARIÑO".

Nome:Apelidos:.....DNI:

Correo electrónico:.....Teléfono de contacto:.....

Dirección postal:.....

Modalidade:

Traballo fin de grao.....Traballo fin de mestrado.....Traballo fin de carreira.....

Titulación:.....Data de presentación.....

Título do traballo.....

Cualificación.....

Titor/a ou director/a do traballo.....

Enade.....de 2017

Fdo:.....

OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO.

Edif. de Servizos Administrativos . Campus de Esteiro, Ferrol